



**ACTA N.º 10/2014**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 16 DE  
OUTUBRO DE 2014**

ORDE DO DÍA

1.- AUTORIZACIÓN PREVIA Á CESIÓN DE CONTRATO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL POR PARTE DA UTE "ARNAIZ CONSULTORES S.L. Y TINSA CONSULTORÍA S.A.U. NIGRÁN" A FAVOR DA EMPRESA "EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L."

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Alberto García Pazos  
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto  
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández  
- D. Antonio Souto Martínez  
- D. José Antonio Vidal Meneses

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada  
- D. Rubén Rial Sánchez  
- D. Manuel Doldán Costas  
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández  
- D. Antonio Fernández Comesaña

- Non Adscrito:

- D. Ignacio Vilas González

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

**Outros datos da sesión:**

- *Data:* xoves, 16 de outubro de 2014
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* extraordinaria
- *Convocatoria:* primeira

- Hora de comezo: 20:04
- Hora de remate: 21:43.
- Número legal de membros da Corporación: 17
- Número de membros asistentes no momento da constitución: 16
- Non asiste: D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorroto.

**Incidencias:**

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se tratou o asunto que seguidamente se describe:

**1.- AUTORIZACIÓN PREVIA Á CESIÓN DE CONTRATO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL POR PARTE DA UTE "ARNAIZ CONSULTORES S.L. Y TINSA CONSULTORÍA S.A.U. NIGRÁN" A FAVOR DA EMPRESA "EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L."**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais, en sesión extraordinaria de 11 de outubro de 2014, formulou ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

O 26 de setembro de 2007 o Pleno do Concello acordou iniciar os trámites para contratar a redacción dun Plan Xeral.

O 31 de xullo de 2008 asinouuse coa UTE "Arnaiz Consultores, S.L. Y Tinsa Consultoría S.A.U Nigrán", o contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán (en adiante PXOM), que fora adxudicado na sesión plenaria de 25 de xuño de 2008.

O referido contrato foi modificado como consecuencia do acordo plenario de 22 de decembro de 2010 e do posterior decreto da Alcaldía 20 de xullo de 2011, a raíz das modificacións normativas sobrevidas.

O resumo dos importes -sen IVE- da contratación ata a entrega do documento para a aprobación inicial é o seguinte:

Contrato principal:

Importe da adxudicación	185.244,83 euros
Pagado.....	92.672,41 euros
Pendente.....	92.672,41 euros

Modificación 2010:

Importe.....	17.796,61 euros
Pagado.....	17.796,61 euros



Pendente.....0,0 euros

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2013 acordou aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán que se contén na documentación presentada o 28 de maio de 2013 (entrada nº 6.782) e nas copias da mesma, sinalando naquel momento a necesidade de corrixir antes da aprobación provisional as deficiencias aínda non subsanadas, consignadas nos informes previos á aprobación inicial.

Sobre esta última cuestión, o propio acordo de aprobación inicial alude a determinados aspectos dos seguintes informes:

- Augas de Galicia, da CMATI. Informe de 17-02-2012. (entrada 22-02-2012, n.º 2.204) indicando que mentres non se recollan na documentación definitiva as observacións que formula (tocantes ao abastecemento, saneamento, proteccións relacionadas co dominio público hidráulico...) non é posible informar de xeito favorable o PXOM, con carácter previo á aprobación inicial, e lembrando que no caso de que se prosiga coa tramitación, logo da aprobación inicial tamén deberá ser sometido o PXOM ao informe sectorial da administración hidráulica.

- Ministerio de Fomento, Dirección xeral de aviación civil. Informe de 05-03-2012 (entrada 12-03-2012, n.º 3.214) formulando determinadas observacións relativas á salvagarda das zonas de servidumes aeronáuticas legais correspondentes ao Aeroporto de Vigo, que afectan a parte do termo municipal de Nigrán.

- Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, da CMATI. Informe de 04-04-2012 (entrada 23-04-2012, n.º 5.575), que contén diversas consideracións sobre a protección da paisaxe; analiza a coherencia do PXOM coas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), co Plan de ordenación do Litoral (POL) e restantes instrumentos de ordenación do territorio previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, e conclúe coa necesidade de adaptar o modelo territorial ao previsto na citada normativa.

- Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da CMATI. Informe de 19-04-2012, (entrada 23-04-2012, n.º 5.574), previo á aprobación inicial, previsto no art. 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), no que se advirten deficiencias relativas ao modelo territorial e estrutura xeral e orgánica (aludindo á capacidade residencial actual e prevista, ao modelo de ordenación e ás dotacións urbanísticas), facendo referencia a diversas cuestións sobre as clasificacións do solo, á estratexia de actuación, ao estudo económico e á memoria de sustentabilidade económica; ao catálogo, á normativa e outros aspectos de carácter documental.

- Secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da CMATI. Informe do 19-04-2012 referido á materia de costas (entrada 24-04-2012, n.º 5.676), no que aborda cuestións relativas ao deslinde do dominio público marítimo-

terrestre, e aspectos da normativa urbanística e planos do PXOM en relación coa lexislación de costas.

- Axencia Galega de Infraestruturas, da CMATI. Informe de 11-05-2012 (entrada 23-05-2012, n.º 6.895), que, despois de analizar a documentación e cualificación relativa ás estradas autonómicas, así como aos distintos tipos de solo afectados, e de referirse á estratexia de actuación, ao estudo económico e á Ronda de Vigo, conclúe pronunciándose en sentido desfavorable, indicando que deben subsanarse as deficiencias detectadas e remitirille novamente o expediente para a emisión de informe.

- Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, Dirección general de sostenibilidade de la costa y del mar, Secretaria de Estado de Medio Ambiente, do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Informe de 25-05-2012 (entrada 30-05-2012, n.º 7.216), que sinala a existencia de determinadas deficiencias (que afectan á documentación gráfica e escrita, á necesidade de xustificar a densidade de edificación na zona de influencia ou de axustar usos á lexislación de costas, entre outras) e indica que o expediente corrixido, completo e dilixenciado deberá ser remitido á referida Dirección Xeral, a través do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, para emitir antes da aprobación definitiva o informe que dispoñen os arts. 112 a) e 117.2 da Lei de Costas.

- Informes municipais:

- Do Arquitecto, da Enxeñeira, do Técnico de Administración Xeral e do Interventor, que foron emitidos, respectivamente, o 16-5-2013 (rfa. 076-13), o 10-5-2013, o 24-5-2013 e o 24-5-2013 (rfa. T 48/13). Neles déixase constancia de que aínda existen determinadas deficiencias na documentación presentada, que deben ser obxecto de subsanación.

- Con data 29-05-2013 tamén emite informe o Secretario Xeral e o 03-06-2013 o Arquitecto municipal aclara un erro advertido no seu informe de 16-05-2013.

O Plan foi exposto ao público polo prazo inicial de dous meses, prorrogado nun mes adicional, ata o 3 de outubro de 2013, por acordo plenario do 24-07-2013. Todo elo mediante anuncios publicados no Atlántico Diario do 25-06-2013 e 01-08-2013; Faro de Vigo do 25-06-2013 e 01-08-2013; Diario Oficial de Galicia do 03-07-2013 e 06-08-2013; Taboleiro de anuncios e difusión a través da páxina web do Concello. Cursáronse notificacións a Patrimonio do Estado e á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, déuselle audiencia aos municipios limítrofes, someteuse á consulta de diversas entidades e a informe das Administracións competentes.

Recibíronse cerca de 1.400 alegacións, aínda pendentes de resolver, e emitíronse diversos informes sectoriais, tamén pendentes de avaliar, que en moitos casos indican a necesidade de corrixir deficiencias:

- Dirección General de Aviación Civil (Ministerio de Fomento), de 12-07-2013,



entrada 9.272 do 15-07-2013

- Subdirección General de redes y operadores de Telecomunicaciones; Secretaría de Estado de Telecomunicaciones, Ministerio de Industria, Energía y Turismo, do 29-07-2013, entrada 10.145 do 05-08-2013
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural; Consellería do Medio Rural e do Mar, do 29-7-2013, entrada 10.475 do 12-8-2013.
- Concello Vigo, Xerencia municipal Urbanismo (1 de 2), do 27-08-2013, entrada 11.270 do 2-9-2013.
- Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental; Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, (CMATI), do 3-9-2013, entrada 11.697 do 10-9-2013.
- Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre; Secretaría de Estado de medio Ambiente, Ministerio Agricultura Alimentación y Medio Ambiente, do 17-09-2013, entrada 12.375 do 23-09-2013
- Concello de Vigo, Xerencia municipal Urbanismo (2 de 2), do 13-09-2013, entrada 12.794 do 27-09-2013.
- Concello de Gondomar, do 27-09-2013, entrada 14.349 do 9-10-2013.
- Cámara Oficial Mineira de Galicia, do 30-09-2013, entrada 14.365 do 9-10-2013.
- Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio; Consellería de Facenda, do 8-10-2013, entrada 14.426 do 10-10-2013.
- Xefatura Territorial Consellería de Economía e Industria, Delegación Territorial de Pontevedra, do 16-10-2013, entrada 15.288 do 30-10-2013.
- Axencia Galega de Infraestruturas; CMATI, do 26-12-2013, entrada 59 do 3-1-2014.
- Deputación de Pontevedra, do 30-12-2013, entrada 115 do 7-1-2014.
- Dirección Xeral de Conservación da Natureza (CMATI), do 21-01-2014, entrada 1.154 do 28-01-2014.
- Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes; Consellería do Medio Rural e do Mar, do 18-02-2014, entrada 3.450 do 12-03-2014
- Instituto de Estudos do Territorio (CMATI) en materia de paisaxe, do 22-07-2014, entrada 10.562 do 07-08-2014.

No que se refire á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) con data 17-07-2013, entrada 9.570, do 22-7-2013, declina emitir informe neste momento procedimental.

Por outra parte, aínda non consta a emisión doutros informes. Así, da CMATI (Dirección Xeral de Mobilidade e de Augas de Galicia), da Consellería de medio rural e do mar (Portos de Galicia) e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural).

Ademais, o Pleno, na sesión de 26 de setembro de 2013, acordou rexeitar a inclusión no Documento de Plan de Ordenación Municipal (PXOM) de Nigrán do vial A Xunqueira-Saiáns e encargar ao equipo redactor que elabore unha proposta que contemple a eliminación do referido vial, que, previa a correspondente tramitación, se someterá á decisión do Pleno con ocasión da aprobación provisional do Plan, así como comunicar á Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o rexeitamento por parte do Pleno do Concello de Nigrán á

inclusión de dito vial no documento do PXOM.

Así as cousas, no Boletín Oficial de Estado de data 24/09/2013 publicouse que o Xulgado do Mercantil n.º 2 dos de Madrid, por auto de data 22/07/13 (procedemento n.º 72/13), declarou en concurso voluntario ordinario á empresa ARNAIZ CONSULTORES, S.L, integrante da UTE adxudicataria do contrato.

Neste sentido, debe terse en conta que ao referido contrato sonlle de aplicación as previsións do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2000 (TRLCAP), que sinala no seu art.º 112, apartados 2 e 7 (redactados pola Lei 22/2003), que en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación orixinará sempre a resolución do contrato; e que mentres non se produza a apertura desa fase a Administración potestativamente continuará o contrato se o contratista prestar as garantías suficientes a xuízo daquela para a súa execución. No presente caso, a situación de concurso aféctalle a un dos membros da UTE.

Á vista da situación, con data 8 de abril de 2014, a Alcaldía dirixiu correo electrónico a PRODEMSA ADMINISTRACION CONCURSAL, S.L.P pedíndolle información sobre a situación do procedemento concursal, sen que conste resposta pola súa parte.

O 5 de maio de 2014, a Alcaldía dirixe escrito ás empresas integrantes da UTE para que no prazo de 10 días manifesten o que teñan por conveniente ao respecto, co fin de sentar as bases para que o órgano de contratación, previo o correspondente procedemento, poida adoptar a decisión correspondente.

Con data 20 de maio de 2014 tivo entrada no rexistro do Concello (nº 6.897) un escrito do xerente da UTE no que, responde ao municipal de 5 de maio de 2014 e comunica que a UTE Arnaiz-Tinsa propón ceder as condicións do contrato á empresa EPTISA.

O 22 de agosto de 2014 (entrada nº 11.133) EPTISA presenta documentación relativa á súa capacidade de obrar e á solvencia económica, financeira e técnica, acompañada dun informe sobre o estado de redacción do PXOM.

Neste informe indica a necesidade de realizar unha serie de traballos complementarios que serían facturados a maiores do previsto no contrato. Así os de adaptación do contido do PXOM, en materia de telecomunicacións á lexislación vixente; a realización do "estudo do planeamento dos municipios limítrofes; os derivados do cumprimento das observacións que puideran estar contidas nos informes de augas e da confederación hidrográfica, e os derivados da determinación 4.8.13 das DOT; a adecuación do ISA ao establecido no Documento de Referencia; os citados no informe da Subdirección Xeral de dominio público marítimo terrestre do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; a adaptación do PXOM á Lei 8/2013 de estradas de Galicia; a incorporación ao PXOM dos elementos citados no informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (CMATI)...

Esta documentación foi obxecto de análise polo Arquitecto municipal, quen no seu informe de 9 de setembro de 2014, conclúe que, salvo mellor criterio na valoración



da puntuación segundo o prego de condicións, a empresa supera os 20 puntos mínimos esixibles para ser adjudicatario do contrato, e polo tanto tería solvencia técnica para continuar os traballos. E respecto da posibilidade de valoracións de traballos necesarios aos que se refire a empresa na súa análise do estado do Plan, debe terse en conta que, a cesión do contrato implica a continuación do mesmo nas condicións actuais, asumindo tanto o traballo efectuado como as posibles carencias ou déficits postas de manifesto polos informes correspondentes, ou polas alegacións, no trámite de información pública. Polo tanto, non é posible ampliar o contrato con novas valoracións en aqueles traballos contidos xa no mesmo, aínda que teñan que ser mellorados ou incluso feitos de novo. Na súa opinión só caberían novas valoracións en aquelas circunstancias totalmente alleas ao contrato e ao contratista, como poden ser cambios legislativos sobrevidos, decisións municipais ou autonómicas que impliquen un cambio importante ou no modelo, ou no traballo xa feito, e que en ningún caso sexa imputable ao equipo redactor (cedente) como carencia ou erro no traballo, senón como modificación imposta, allea ás abrigas ou ao marco contractual e normativo vixente na aceptación do contrato. Remata sinalando que aínda non están emitidos todos os informes sectoriais correspondentes.

O 9 de setembro de 2014 remítese comunicación a EPTISA, na que se lle indica que a cesión do contrato implica a continuación do mesmo nas condicións actuais, asumindo tanto o traballo efectuado como as posibles carencias ou déficits postas de manifesto polos informes correspondentes, ou polas alegacións no trámite de información pública. Polo tanto, non é posible ampliar o contrato con novas valoracións en aqueles traballos contidos xa no mesmo, aínda que teñan que ser mellorados ou incluso feitos de novo. Tamén se lle lembra que o art. 114 da Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aplicable a este contrato, determina que o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ao cedente. E que, polo tanto, nin o cesionario pode condicionar a cesión a recibir compensacións económicas pola realización de prestacións que debe realizar o cedente en virtude do contrato, nin o Concello asumilas. Á vista do sinalado concedéuselle o prazo de 10 días para que puidese formular as precisións que considere, antes de que o Concello se pronuncie sobre a procedencia ou non de autorizar a cesión pretendida.

Mediante escrito de 17 de setembro de 2014 (entrada núm. 12.214 da mesma data) Eptisa reitera o compromiso de finalizar os traballos do PXOM de Nigrán reproducindo o indicado no seu informe de 22 de agosto de 2014, e valorando os traballos "adicionais" non asumidos dentro do prezo do contrato pendente de realizar e obxecto da cesión en 59.820,00 euros.

O 3 de outubro de 2014 (entrada 13.097) EPTISA presenta novo escrito deixando sen efecto outro que presentara o 1 de outubro e manifestando que é coñecedora da situación actual dos traballos do PXOM e dos traballos pendentes, así como das contías abonadas ata agora do contrato e das fases pendentes de abonar, aceptando levar a cabo a cesión do contrato de redacción do PXOM de Nigrán, en base á información que declara coñecer, finalizando os traballos do PXOM de Nigrán axustándose ás obrigas contidas no contrato ao que se propón subrogarse, executando as fases de aprobación provisional e definitiva a partires da

documentación do PXOM elaborada polo concello de Nigrán. Ao mesmo tempo informa que unha vez formalizada a cesión do contrato, para continuar os traballos de tramitación do PXOM, é necesario requirir os informes sectoriais do PXOM, solicitados e non emitidos actualmente e/ou proceder á solicitude dos informes anteriormente non solicitados; e que os traballos complementarios necesarios ou outros non contemplados que poidan xurdir, deben ser obxecto de valoración posterior, por non estar incluídos no contrato de cesión.

Mediante providencia da Alcaldía de data 6 de outubro de 2014, impúlsase a tramitación do procedemento para a cesión e solicítase informe do Arquitecto Municipal.

O mesmo 6 de outubro de 2014 o Técnico de Xestión (responsable de contratación) ademais de informar sobre o precepto aplicable á cesión, indica que deberá quedar acreditado en informe do director dos traballos que o cedente teña executado, como mínimo, o 20% do importe do contrato. E en relación coa capacidade da entidade cesionaria, a documentación presentada por EPTISA con data 22/08/2014 indica que a documentación considérase suficiente a tenor do estipulado no art. 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, sen prexuízo de que a xustificación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social deba entregarse antes da adopción do acordo de autorización da cesión. No tocante á solvencia económica ou financeira presenta declaración das contas anuais dos exercicios 2011 a 2013 que se pode considerar suficiente. E no relativo á solvencia técnica queda acreditada polo informe do Arquitecto Municipal de 09/09/2014, debendo terse en conta que non é esixible clasificación do contratista. Conclúe sinalando que o órgano de contratación é o Pleno Municipal que será, por tanto, o que debe outorgar a correspondente autorización previa á cesión do contrato, que deberá formalizarse en escritura pública, unha vez obtida a autorización do Pleno.

O Arquitecto municipal (director dos traballos do PXOM) tamén con data 6 de outubro, á vista do escrito presentado por EPTISA, con data 3/10/2014 (entrada 13.097) informa so seguinte:

*A) Dende o punto de vista da solvencia técnica da empresa solicitante, tal e como foi informado con data 9/9/2014, e salvo mellor opinión do Organo de Contratación, e tendo en conta o punto 2. do escrito achegado, non hai observacións á cesión do contrato entre a UTE Arnaiz-Tinsa e EPTISA para a continuación dos traballos de redacción do PXOM, ata a súa aprobación provisional e definitiva, mantendo integramente os termos do contrato asinado entre Concello e UTE cedente.*

*B) Calquera outra consideración acerca do procedemento de cesión de contrato, agás a solvencia técnica do cesionario, excede do obxecto do presente informe técnico, e das competencias de quen suscribe.*

*C) Visto o escrito de data 6/10/2014, do departamento de Contratación Administrativa, no que se solicita información sobre si o traballo executado supera o 20%, segundo o cronograma de aboamentos, o documento para a aprobación inicial, xa executado e entregado, supera o 20% do total do contrato.*





Con data 6 de outubro de 2014 (entrada nº 13.182) a empresa EPTISA aporta certificado da Axencia Tributaria do Estado de encontrarse ao corrente no cumprimento das abrigas tributarias e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente nas obrigacións de Seguridade Social.

Visto o que dispuña o art. 114 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2000, e o que actualmente prevé o art. 226 do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, Texto Refundido da Lie de Contratos do Sector Público.

Tendo en conta o sinalado no Informe da Xunta Consultiva de Contratación de Galicia n.º 8/2012, de 27 de novembro de 2012, sobre cesión dun contrato de servizos para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal dun Concello que despois de descartar o carácter persoalísimo deste tipo de contratos conclúe que a cesión pódese autorizar sempre que non se evidencie no proceso un intento de renegociación dalgún elemento esencial do mesmo e que se cumpran os requisitos de solvencia que garanten a súa execución para o que deberá quedar acreditado que os medios que o novo contratista afirma dispoñer son equivalentes aos do cesionario e que non minoran, en termos de calidade, os inicialmente ofertados. Tamén indica que a cesión provoca unha novación subxectiva nunha das partes primitivas do contrato, sen que a mesma teña consecuencias nos elementos obxectivos do mesmo. Nese senso, cita a Sentenza de 21 de xaneiro de 2004 da Audiencia Nacional (rec. 1056/2001) e a de 17 de outubro de 2006 do Tribunal Supremo (rec. 3907/2004) que a confirma, que declaran que, realizada a cesión, o cesionario non pode, con posterioridade, alegar que o prazo de execución e o prezo do contrato son insuficientes.

En consideración ao sinalado e vistos os demais pormenores do expediente, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Autorizar, no relativo á competencia municipal, a que a Unión Temporal de Empresas constituída por Arnaiz Consultores, S.L. e Tinsa Consultoría S.A., ceda o contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán á empresa EPTISA Servicios de Ingeniería S.L., quen quedará subrogada en todos os dereitos e obrigacións contractuais da UTE cedente, entre elas, a de corrixir, sen custe para o Concello, as deficiencias consignadas nos informes previos e posteriores á aprobación inicial, nas alegacións ou noutros documentos, que sexan imputables á referida UTE. A parte do prezo do contrato que correspondería percibir á cesionaria polo cumprimento das obrigacións nas que se subroga ascende a 92.672,41 euros, sen IVE.

A presente autorización concédese sen prexuízo da conformidade que, no seu caso, deba prestar á mesma o administrador concursal de Arnaiz Consultores S.L.

**Segundo.-** A cesión do contrato formalizarase en escritura pública, a subscribir entre a UTE adxudicataria, "Arnaiz Consultores, S.L. e Tinsa Consultoría S.A.U. Nigrán", e a empresa cesionaria EPTISA Servicios de Ingeniería S.L.

**Terceiro.-** Facultar á Alcaldía para realizar as actuacións necesarias para a execución do presente acordo incluída a devolución das garantías definitivas depositadas polas empresas da UTE; devolución que non se producirá ata que

EPTISA constituía garantía equivalente.

**Cuarto.-** Notificar este acordo, á UTE cedente e á empresa cesionaria, e comunicarllo á administración concursal e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. E indicar que esta resolución pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente RECURSO DE REPOSICIÓN, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a ditou, ou interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Explica os antecedentes, en particular a situación de concurso de Arnaiz Consultores, e que a saída proposta é a cesión do contrato a favor de Eptisa. Le a parte dispositiva da proposta, que se xustifica nos antecedentes da mesma. Confía en que o proceso continúe. A empresa asumirá o remate dos traballos. Hai informe do arquitecto favorable á solvencia técnica, outro do técnico de contratación de comprobación dos demais requisitos e un do Secretario Xeral, do que se deduce que se trata dun procedemento sinxelo.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* Parécelle que é un tema importante. Non se está tratando do Plan Xeral, senón da empresa redactora, que ten problemas e, por sorte, hai outra empresa disposta a seguir. Repasa os antecedentes do último ano desde que Arnaiz entrou en concurso de acredores. Non sabe a que se deben as présas de última hora; ao mellor pola proximidade das eleccións. A Comisión Informativa celebrouse un sábado e anunciouse na prensa a data do pleno á marxe do tratado cos Portavoces. Na Comisión Informativa as posturas van desde os que quen pretenden iniciar de novo o proceso, ata a do seu grupo que incidía na necesidade de informes xurídicos e económicos que avalasen a decisión, e a de contar previamente co consentimento do administrador concursal. Non pedían o que o Alcalde indicou na Providencia, na que consultaba á Secretaría xeral. Querían un informe xurídico e non o hai, e económico e tampouco se emitiu. Non se cumpriu o compromiso. Eses informes axudarían a valorar se a decisión proposta é oportuna ou non. Sen eses informes o seu grupo non a pode validar. Propoñen que se deixe sobre a mesa este punto para o próximo pleno co fin de incorporar tales informes xurídico e económico. Mañán presentarán un escrito pedíndoos.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* Opúxose a este pleno, porque non hai motivos de urxencia para celebralo. So se trata de decidir a transmisión do contrato, e non sobre o PXOM. Votará a favor de que quede sobre a mesa, a pesar do absurdo da situación. A empresa fixo un traballo deficiente; e contando con escasa dotación económica. Por iso é sorprendente que apareza unha empresa disposta a rematar o Plan, corrixindo todos os defectos que ten. De aí que quixese ver o compromiso de Eptisa. Esta empresa analizou as carencias do Plan, que son moitas



(telecomunicacións, augas, ISA, estudio da ordenación dos municipios limítrofes, costas, lei de estradas, etc). E constata unha realidade: que o documento aprobado inicialmente ten carencias que deberon descartar aquela aprobación. Valoran os traballos complementarios necesarios en 60.000 €. Finalmente será necesario modificar o contrato, tanto que calquera poderá recorrela. Hai que pensalo ben antes de decidir.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* Con motivo da adxudicación xa indicou que a empresa non coñecía o territorio e agora vense as consecuencias. A iso uniuse unha insuficiente dotación económica. O prazo de 18 meses transformouse xa en 6 anos de execución. Este atallo pode ser a estocada final ao Plan. Faltan informes xurídicos e económicos, pedidos na Comisión. Nunca se debeu aprobar inicialmente o Plan faltando, por exemplo, o estudo económico- financeiro. A nova empresa non parece disposta a aceptar sen cargo a corrección das deficiencias. Non é unha cesión normal, senón o querer arranxar algo que non se pode resolver. Tampouco son serios os prazos que dan. Por iso a cesión non pode aceptarse así. A súa idea é acudir, de momento, a modificacións puntuais das Normas Subsidiarias. Senón dentro dun ano estaremos como agora. O acordo é temerario, sobre todo pola falta de informes. Pide a opinión do Interventor sobre a necesidade do seu informe. Apoia que quede sobre a mesa polas responsabilidades en que se pode incurrir.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que pide o PSOE é que se informe sobre a conveniencia e iso é responsabilidade do Pleno. O Secretario informou. É certo que non hai informe do Interventor. A empresa fala de cousas novas que haberá que facer, porque non estaban previstas. O mesmo que se farían coa empresa adxudicataria. Os requisitos legais son moi claros. É algo sinxelo. A súa responsabilidade é seguir traballando no Plan. Á vista do que se lle impón á empresa cesionaria, esta pode aceptar ou non. O rescindir o contrato leva o seu tempo e despois habería que abrir un novo proceso cun novo, e elevado, orzamento. Si pode haber modificacións no contrato cedido, pero de habelas terá que aprobalas o Pleno, sen atallos. A nova empresa dálle certa tranquilidade. Non cre que a cesión sexa un erro. Ninguén está aprobando unha modificación do contrato a favor da nova empresa. Agora ben, probablemente haxa reformas normativas que obriguen a facer cambios. Se a maioría decide botalo abaixo, así será. Cre que se pode resolver agora mesmo.

*Sr. González Pérez:* Non propoñen volver empezar. Están a favor de que se siga, contando cos informes necesarios. O informe xurídico debe indicar se esta decisión é a mellor. E se así é apoiarana.

*Sr. Rodríguez Fernández:* O Plan modificouse no ano 2010; por debaixo do 10% do seu importe. O de agora, formalmente cédese por 92.000 €, pero sabendo que haberá que aportar 60.000 € mais, chamándolle como conveña. Defende avanzar con transparencia. Por iso o que hai que facer é adxudicar de novo. Os adxudicatarios cobraron o documento da aprobación inicial, e non volveron a facer nada. Despois da resolución do contrato poderase contratar o que falta, corrindo o que haxa que corrixir. Calquera empresa poderá licitar. E así non se lle darán 60.000 € á empresa pola porta de atrás.

*Sr. Fernández Comesaña:* Non se pode seguir enredando e tirando cartos. A empresa

pedirá compensacións polo que hai que facer. Hai informes que deixan en evidencia o traballo feito, que incluso foi empeorando. Ademais, está por ver a solvencia económica da empresa nova, cun capital escriturado de de 3.000 euros. Pregunta por que agora non se pide que aquela mesa de contratación inicial volva a opinar, ou por que non se pode pedir xa a autorización ao administrador concursal. E tamén por que non informa o Interventor. Nin sequera consta a conformidade de TINSA, a outra empresa da UTE,.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O Concello relaciónase coa UTE a través do representante desta. O problema agora é resolver a situación actual. E, se se cumpren os requisitos, hai que actuar en consecuencia. As repercusións económicas son as que se derivan do contrato inicial, non da cesión. Habendo esta posibilidade hai que aproveitala. A resolución do contrato non sería pacífica, ademais da demora que suporía. Non é partidario desta última opción. Pensa que hoxe se pode decidir.

*Sr. Fernández Comesaña:* O Plan non só non lle gusta a el, tampouco lle gusta a todos os que emitiron informes desfavorables.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Pódese mellorar ese documento. Invitouse a todos os corporativos a asistir á Comisión e o Pleno convocouse para o día lle conviña á oposición, para que puidesen asistir todos os seus membros; non así os do goberno.

**Votación e acordo sobre a petición de que o asunto quede sobre a Mesa.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PP e Concelleiro non adscrito.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda deixar o asunto sobre a Mesa para que se incorporen informes xurídicos e económicos sobre a proposta.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.